



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/92/2012	CONXI0CQ
56632N2S0Z2Z134M0W1N	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A AVALIACIÓN DOS CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA XESTIÓN DE AULA CEMIT E IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS NA ZONA RURAL.

Presidente: D. José Manuel Blanco Suárez Alcalde-Presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)
D. Manuel Guillermo Antón Villamil (Interventor Accidental)
D. Manuel Rodríguez Álvarez (Técnico de Información e Comunicación)

Secretario:

Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación

Sendo as 12:06 horas do día vinte e sete de setembro de dous mil trece, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para valorar as ofertas relativas aos criterios avaliábles en cifras ou porcentaxes das empresas admitidas á licitación.

Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose a analizar previamente a valoración das ofertas o informe emitido polos servizos informáticos municipais nos que se puntuán e analizan as ofertas presentadas.

Antes de analizar as propostas e o informe técnico emitido a Mesa establece os criterios polos que se guiará a hora de admitir as ofertas que propoñan horas formativas fora da programación da Xunta de Galicia, en períodos de tempo inferiores a duración do contrato. Así e dado que pode existir certa confusión nos pregos de condicións ao non establecer un modelo de proposicións para a oferta de formación fora da programación CEMIT, esta Mesa de Contratación, aceptará tanto as proposicións que contemplan 12 meses como as que se limitan o semestre da programación esixida como documentación complementaria. Adoptando así un criterio aberto non limitativo da participación.

A vista do informe emitido polos técnicos municipais, a Mesa procede a debater en primeiro lugar a proposta realizada no referido informe de exclusión de varios licitadores por incumprimentos do prego de condicións, nos seguintes aspectos:

A empresa Inprega S.C. non contempla na súa oferta servizos que se esixen no prego de condicións técnicas (PCT), como a formación de empregados municipais e cursos a entidades e colectivos.

O Grupo Orbere non achega a programación semestral, tal como se sinala no apartado 22 do anexo do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e no punto 5.2 do PCT.

Na oferta da empresa Hércules Formación S.L., existe unha importante discrepancia entre o número de horas de formación proposto e a programación a seis meses presentada



CONCELLO DE NARÓN

	Oferta	Programación semestral		
		Semana	Nº Semanas	Total
Apertura Centro	1h. ano	10.8	26	280,8
Horas aula Cemit fora programación Xunta Galicia	800 anuais	16.7	26	434,20
Cursos fora Cemit fora da aula	330 anuais	6,88	26	178,88
Cursos fora Cemit formación empregados municipais	30 anuais	3h/5 meses 2h/1 mes		17
Cursos fora Cemit cursos entidades e colectivos veciñais	30 anuais	3h/5 meses 2h/1 mes		17

Na oferta presentada por Telemática Galicia achega unha oferta formativa por meses, ata un total de seis, nas que se indica o tema do curso a impartir tempo diario e destinatarios, así como un resumo das horas mensuais realizadas.

A xuízo da Mesa de Contratación a valoración desta oferta faise imposible por varias causas:

- Presentase unha programación mensual durante seis meses, sen facer un resumo final no que se expoña claramente a proposta realizada en relación coas horas de formación a impartir fora da programación da Xunta de Galicia e de apertura da aula ao público, para seis ou doce meses.
- Os meses son todos de trinta un días
- O tempo que se indica no cadro diario non se corresponde co resumo mensual
- É imposible identificar os criterios avaliados, establecidos no prego cos indicados no resumo mensual.

Polo tanto esta Mesa procede a exclusión desta oferta da licitación polas súas incongruencias e falta de claridade na mesma.

VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS ADMITIDAS.

Excluídas a empresas anteriormente citadas, a Mesa valora os criterios obxectivos e económicos das dúas ofertas admitidas.

GATFOR S.L.

Concepto	Oferta	Puntuación
Horas de curso a realizar na aula CEMIT fora da programación da Xunta de Galicia para cidadáns particulares	800	12,00
Horas de curso do catálogo CEMIT a realizar fora da aula CEMIT e nun mínimo de 7 locais sociais	800	12,00
Horas de curso a realizar na aula CEMIT para empregados do Concello de Narón	200	2,00
Horas de curso a realizar na aula CEMIT fora da programación da Xunta de Galicia para entidades e colectivos	300	3,00
Horas por enriba das 10 horas semanais de apertura da aula CEMIT ao público en xeral	10	1,00
Oferta económica	9%	20
Total		50

ARA NEGOCIOS S.L.

Concepto	Oferta	Puntuación
Horas de curso a realizar na aula CEMIT fora da programación da Xunta de Galicia para cidadáns particulares	800	12,00
Horas de curso do catálogo CEMIT a realizar fora da aula CEMIT e nun mínimo	800	12,00



NARÓN

de 7 locais sociais		
Horas de curso a realizar na aula CEMIT para empregados do Concello de Narón	112	1,12
Horas de curso a realizar na aula CEMIT fora da programación da Xunta de Galicia para entidades e colectivos	150	1,50
Horas por enriba das 10 horas semanais de apertura da aula CEMIT ao público en xeral	0,58	0,06
Oferta Económica	5%	10,75
Total		37,43

A vista da puntuación resultante a Mesa de Contratación, eleva proposta de adjudicación a prol da oferta máis vantaxosa, para este Concello unha vez valorados tódolos criterios incluídos nos pregos de condicións, a prol da empresa GATFOR S.L. por ser esta a oferta con maior puntuación.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11 horas e 55 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu a Secretaria dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

